

EXPEDIENTE:	2025/00011664E
PROCEDIMIENTO:	Bases da convocatoria para a concesión de axudas, en réxime de concorrancia non competitiva, do programa de dinamización e incentivación do consumo no comercio e hostalería do municipio de Santiago de Compostela a través dos Bonos Corazón Compostela 2025 e apertura do prazo de adhesión para os establecementos interesados

DATAS RECTIFICADAS

1 Obxecto e finalidade.

- 1.1. O obxecto destas bases é regular a convocatoria da concesión das axudas do programa de dinamización e incentivación do consumo no comercio e hostalería do municipio de Santiago de Compostela a través dos Bonos Corazón Compostela 2025, así como, proceder á apertura do prazo de adhesión para os establecementos interesados.
- 1.2. A finalidade do programa de Bonos Corazón Compostela é incentivar a demanda axudando economicamente ás persoas consumidoras e fomentar o consumo no comercio e hostalería do municipio de Santiago de Compostela.

Ademais, o programa ten como finalidade propiciar o fortalecemento do sector comercial retalista e hostaleiro do municipio, dinamizar a actividade económica promovendo as compras de bens e servizos, e mellorar o fondo de manobra do comercio e da hostalería.

2 Orzamento

O Concello de Santiago de Compostela destina ao programa un crédito de 300.000 euros, para a primeira convocatoria que se pretende desenvolver no ano 2025, financiada con cargo á aplicación orzamentaria 020 43100 4890101.

3 Entidade colaboradora

A entrega e distribución dos fondos das axudas farase coa entidade colaboradora seleccionada tralo procedemento de concorrancia convocado ao efecto. A entidade colaboradora xustificará perante o Concello, e nos demais termos fixados no convenio a asinar entre este e a entidade, as axudas efectivamente distribuídas.

4 Actividade subvencionable

- 4.1. Son subvencionables os gastos en compras de bens e servizos, a través dos Bonos Corazón Compostela, nos establecementos comerciais retalistas e hostaleiros adheridos ao programa.
- 4.2. As vendas e servizos subvencionados serán os realizados no prazo dun mes, a contar dende a data de inicio para a descarga dos bonos, para esta primeira convocatoria.

5 Persoas beneficiarias.

5.1. Poderán ser persoas beneficiarias das axudas as persoas físicas maiores de idade que cumpran cos seguintes requisitos:

- Realizar as actuacións establecidas no artigo 4.
- Tramitar as súas solicitudes conforme o establecido nesta convocatoria.
- Non atoparse incurso en ningunha das circunstancias recollidas no artigo 13.2 e 13.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Estar ao corrente no cumprimento dos seus deberes tributarios coa facenda estatal e autonómica, coa seguridade social e co Concello de Santiago de Compostela.

5.2. Para os efectos da acreditación do cumprimento dos requisitos e circunstancias recollidas no parágrafo anterior, presentarse a correspondente declaración responsable.

6 Valor dos bonos, contía da subvención e orde de imputación das compras ou consumos realizados.

6.1. Establécese unha única modalidade de bono:

- Bono cun valor de 50 euros (IVE incluído).

6.2. O bono estará cofinanciado nun 40% polo Concello de Santiago de Compostela e nun 60% pola persoa solicitante.

6.3. O bono terá a consideración de bono desconto para as compras e consumos realizados nos establecementos adheridos. O importe do bono irase reducindo, ata o seu esgotamento, podendo imputarse a un ou varios actos de compra ou consumo.

- 6.4. As contías expresadas enténdense co IVE incluído.
- 6.5. As compras ou consumos realizados imputaranse en primeiro lugar á parte non subvencionada polo Concello, que se corresponde coa achega propia da persoa beneficiaria, e en segundo lugar á parte subvencionada polo Concello.
- 6.6. O prazo de validez dos bonos, para esta primeira convocatoria, será dun mes, a contar dende a data de inicio para a súa descarga. A data de inicio comezará aos 4 días hábiles seguintes, a contar dende a data de publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia. Rematado o período de validez, o bono non trocado caducará. A caducidade do bono leva consigo a perda da totalidade do saldo remanente non consumido, sen poder instar a súa devolución
- 6.7 Cada persoa poderá solicitar e obter ata tres bonos.

7 Natureza e instrumentalización das axudas.

- 7.1. As axudas que se concedan no marco do presente programa terán a consideración de subvencións a fondo perdido.
- 7.2. As axudas instrumentalizaranse a través de bonos desconto nas compras e consumos realizados nos establecementos adheridos.
- 7.3. De acordo co exposto na base 15 apartado 4, a axuda ten a consideración de pago anticipado.

8 Procedemento de concesión.

- 8.1. O procedemento para a concesión das axudas reguladas nesta orde é de outorgamento de subvencións en réxime de concorrencia non competitiva, ao abeiro do disposto no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, atendendo á orde de solicitude ata o esgotamento do crédito previsto na base 2 desta convocatoria.
- 8.2. Xustifícase a excepcionalidade porque nestes casos non é necesaria a comparación de proxectos entre sí, polo interese especial en promover actuacións que fomenten o consumo no comercio e hostalería local, cumprindo os requisitos especificados nesta convocatoria.

9 Xestión e inspección das axudas

- 9.1. O Concello de Santiago de Compostela desenvolverá as actuacións de supervisión e control da correcta execución do programa.
- 9.2. A xestión dos fondos públicos asignados ao programa Bonos Corazón Compostela 2025 levarase a cabo de acordo cos seguintes principios:
- a) Publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.
 - b) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración outorgante.
 - c) Eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.
- 9.3. O Concello de Santiago de Compostela reserva para si o dereito de realizar, previamente ou *a posteriori* da concesión destas axudas, incluso de forma aleatoria, cantas comprobacións, inspeccións e demais medidas de control xulgue oportunas para asegurar a correcta aplicación dos recursos públicos e para verificar o adecuado desenvolvemento e execución do programa Bonos Corazón Compostela.
- 9.4. No suposto de que exista algún incumprimento por parte dos establecementos adheridos, o Concello de Santiago de Compostela poderá cancelar a súa adhesión ao programa subvencionado. Neste caso, comunicará a circunstancia á entidade colaboradora co fin de impedir a troca e pagamento dos bonos ou solicitará, se é o caso, o reintegro dos fondos percibidos.
- 9.5. Os establecementos adheridos ao programa Bonos Corazón Compostela están obrigados a facilitar canta información lles sexa requirida polo Concello de Santiago de Compostela e os restantes órganos competentes no exercicio das súas funcións de control do destino das axudas.

10 Alta e requisitos dos comerciantes e hostaleiros para a adhesión ao programa.

- 10.1. Os establecementos que desexen adherirse ao programa Bonos Corazón Compostela deberán rexistrarse a través da web <https://www.bonoscorazoncompostela.gal> e indicar a seguinte información:
- Nome e apelidos ou razón social.
 - Establecemento comercial ou hostaleiro.
 - NIF ou CIF.

- Nome, apelidos e DNI ou NIE da persoa representante.
- Nome comercial.
- Enderezo do establecemento.
- Número de teléfono móbil.
- Correo electrónico.
- IAE
- Data de alta da actividade.
- Número de persoas traballadoras da empresa ou autónomo.
- IBAN da conta bancaria.
- Páxina web do establecemento.

10.2. A persoa autónoma ou PEME poderá adherir a máis de un establecemento comercial ou hostaleiro dos que sexa titular, sempre que se atopen en locais de negocio distintos. Nese caso, o límite de importe máximo de bonos a trocar, previsto na base 16 apartado 7, operará a nivel de establecemento e non de persoa física ou xurídica titular do/s establecemento/s.

10.3. O prazo para adherirse ao programa abrirase no prazo de 2 días hábiles, a contar dende a data de publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, mantendose aberto durante un mes.

10.4. Poderán adherirse ao programa Bonos Corazón Compostela os establecementos comerciais retallistas e hostaleiros que cumbran, ademais, os seguintes requisitos:

- a) Que teñan a súa sede de actividade no municipio de Santiago de Compostela e que reúnan as condicións legalmente establecidas para o exercicio da súa actividade.
- b) Que teñan unha superficie de venda, incluídos todos os espazos de atención ao público, inferior aos 500 metros cadrados. Este requisito esíxese só para os establecementos comerciais, é dicir, non será de aplicación para os establecementos de hostalaría.
- c) Que sexan persoas empresarias autónomas ou pequenas e medianas empresas de conformidade co previsto no Regulamento (UE) nº 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño.
- d) Que estean dados de alta nalgún dos grupos ou epígrafes do IAE recollidos no Anexo I.

- 10.5. A alta e o uso da aplicación polos comerciantes e hostaleiros suporá a aceptación das condicións do seu uso e da política de privacidade conforme o Regulamento (UE) nº 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos) e á Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, da cal serán informados convenientemente.
- 10.6. As persoas comerciantes e hostaleiras deberán asinar dixitalmente a declaración responsable, manifestando o cumprimento das condicións e requisitos de participación establecidos e a veracidade dos datos indicados, sen prexuízo de cantas outras formalidades estean obrigados a cumprir. O Concello de Santiago de Compostela poderá comprobar ou, de ser o caso, solicitar en calquera momento os documentos acreditativos dos mencionados requisitos.
- 10.7. Non se admitirán nin terán en conta as solicitudes presentadas por establecementos que non cumpran coas anteriores condicións nin coa forma establecida nesta convocatoria.
- 10.8. O nome comercial e localización dos establecementos adheridos ao programa bonos Corazón Compostela farase público na web <https://www.bonoscorazoncompostela.gal>.
- 10.9. As persoas comerciantes e hostaleiras adheridas ao programa recibirán cunha periodicidade semanal, na conta bancaria indicada para tal efecto, a cantidade equivalente aos bonos trocados no seu establecemento.

11 **Comprobación de datos dos comerciantes e hostaleiros**

Poderán consultarse automaticamente os datos dos comerciantes e hostaleiros incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas administracións públicas, agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

- a) DNI ou NIE da persoa solicitante.
- b) NIF da entidade solicitante.
- c) DNI ou NIE da persoa representante.

12 **Presentación da solicitude dos bonos**

12.1. Para a solicitude e obtención dos bonos, cada usuario deberá darse de alta na web <https://www.bonoscorazoncompostela.gal>, e indicar a seguinte información:

- a) Nome e apelidos.
- b) Localidade de residencia (código postal).
- c) Maioría de idade.
- d) DNI ou NIE.
- e) Número de teléfono móbil.
- f) Correo electrónico.

12.2. O uso da páxina web e a descarga dos bonos suporá a aceptación das condicións do seu uso e da política de privacidade conforme o Regulamento (UE) nº 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos) e á Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, da cal serán informados convenientemente.

12.3. As persoas usuarias deberán declarar responsablemente a veracidade dos datos indicados. O Concello de Santiago de Compostela poderá solicitar, en calquera momento, os documentos acreditativos dos mencionados requisitos, incluídos aqueles para os que a persoa solicitante autoriza a súa consulta consonte o disposto na base undécima.

12.4. Así mesmo, as persoas usuarias deberán declarar responsablemente que están ao día do cumprimento das obrigas coa Facenda Pública do Estado e a Administración autonómica, así como coa Seguridade Social e co Concello de Santiago de Compostela.

12.5. Coa presentación da solicitude os usuarios asumen o compromiso de trocar como mínimo o 60% do valor do bono, que se corresponde coa parte financiada polo usuario (achega propia).

12.6. Opcionalmente, o bono poderase solicitar presencialmente no Concello de Santiago de Compostela, no lugar habilitado ao efecto que será publicado na mesma web <https://www.bonoscorazoncompostela.gal>.

A persoa interesada, ou o seu representante, poderá autorizar expresamente aos empregados para a solicitude e obtención do bono en

formato papel. Neste suposto deberase acreditar a representación expresa por calquera medio válido en dereito que deixe constancia fidedigna, ou mediante declaración responsable en comparecencia persoal da persoa interesada ante o/a funcionario/a da Administración.

13 Sistema de funcionamento dos bonos. Validación das solicitudes presentadas e descarga dos bonos

- 13.1. A entidade colaboradora validará que a solicitude se realice consonte os requisitos e da forma establecida nesta convocatoria.
- 13.2. Tras dita validación, e verificada a achega do cofinanciamento por parte da persoa solicitante, esta estará habilitada para a descarga do bono correspondente. O bono terá formato dixital a través dun código QR e estará dispoñible para a súa utilización na APP Wallet.
- 13.3. A descarga do bono pola persoa usuaria realizarase na web: <https://www.bonoscorazoncompostela.gal>. Nese momento entenderase preconcedida a axuda para os únicos efectos do funcionamento e operativa do programa, sen que iso supoña ningún tipo de recoñecemento de dereito para as persoas usuarias, que terá lugar polo acordo do órgano competente segundo o indicado na base 15.
- 13.4. Para trocar os bonos e poder facer efectivos os descontos ás persoas consumidoras, o titular do comercio ou local de hostalería terá que descargar no seu móbil a APP correspondente.
- 13.5. No momento da compravenda ou prestación do servizo, o titular do comercio ou local de hostalería terá que introducir na APP o importe e concepto da venda ou servizo, automaticamente aparecerá o importe a cobrar. Pola súa banda, a persoa usuaria deberá mostrar o seu bono en formato código QR e pagar, en efectivo ou con tarxeta, o importe final da compra ou consumo realizado.

14 Obrigas dos establecementos adheridos ao programa

- 14.1. Os establecementos comerciais e hostaleiros adheridos ao programa Bonos Corazón Compostela, adquirirán, a través da solicitude de adherencia, as seguintes obrigas:
 - a) Anunciar no exterior do establecemento, nun lugar visible, a adhesión ao programa mediante a colocación dos correspondentes materiais publicitarios coa imaxe corporativa do programa Bonos Corazón Compostela.

- b) Facer o desconto directo do bono no tícket ou factura emitida, de xeito que a persoa consumidora non chegue a realizar, en ningún caso, o desembolso do importe descontado.
- c) Especificar por escrito na zona de caixa, de forma visible, a política de devolución establecida na base 16 punto 8.
- d) Someterse ás actuacións de comprobación e vixilancia necesarias por parte do Concello de Santiago de Compostela para verificar o adecuado funcionamento e xestión dos bonos e do programa en xeral.
- e) Conservar durante un ano todos os tickets de compra ou facturas xustificativas da aplicación dos bonos, en tanto podan ser obxecto de comprobación e control por parte do Concello de Santiago de Compostela.
- f) Custodiar con dilixencia as claves de acceso á plataforma co fin de evitar o seu uso indebido, comprometéndose a non facilitarllas a outras persoas ou establecementos.
- g) Desde o momento da adhesión ao programa, o titular do comercio ou local de hostalería non pode negarse a aplicar o bono, cando lle sexa solicitado pola clientela. O incumprimento desta obriga determinará a baixa no programa de Bonos Corazón Compostela.

15 Instrución, resolución de concesión e xustificación das axudas

- 15.1. O departamento de Comercio do Concello de Santiago será o competente para a instrución do procedemento.
- 15.2. A competencia para a concesión destas axudas corresponde á Xunta de Goberno Local, a proposta da Concellería con competencias en materia de comercio.
A Xunta de Goberno acordará non só acto a aprobación da concesión e xustificación das axudas que foran debidamente aboadas e xustificadas pola entidade colaboradora.
- 15.3. A entidade colaboradora seleccionada consonte o indicado na base 3 deberá presentar ou pór dalgún xeito a disposición do Concello, nos termos fixados no convenio a asinar entre ámbalas dúas partes, a documentación xustificativa do gasto realizado que reflecta o importe dos bonos descargados, importe dos bonos trocados e cantidades aboadas aos establecementos adheridos ao programa polos descontos aplicados nas compras e consumos realizados polas persoas usuarias.

- 15.4. En tanto o pagamento da axuda, mediante a aplicación do desconto correspondente e abono das cantidades descontadas aos establecementos adheridos, ten lugar con carácter previo á aprobación da xustificación polo órgano competente, a axuda ten a consideración de pago anticipado. En todo caso, dada a finalidade do programa e as circunstancias que concorren, non se establece ningún réxime de garantías.

16 Condicións de uso dos bonos

- 16.1. Cada persoa beneficiaria disporá de ata tres bonos. Os bonos poderán ser usados nun ou en varios dos establecementos adheridos ao programa.
- 16.2. Existe unha única modalidade de bono, dun importe de 50 euros, consonte o establecido na base 6.1.
- 16.3. O bono terá a consideración de bono desconto para as compras e consumos realizados nos establecementos adheridos. O importe do bono irase reducindo, ata o seu esgotamento, podendo imputarse a un ou varios actos de compra ou consumo.
- 16.4. As compras ou consumos realizados imputaranse en primeiro lugar á parte non subvencionada polo Concello, que se corresponde coa achega propia do beneficiario, e en segundo lugar á parte subvencionada polo Concello.
- 16.5. O período de validez dos bonos remata no prazo dun mes, para esta primeira convocatoria, a contar dende ás 9:30h da data de inicio para a súa descarga (Ver Base 6.6), ata ás 22h da data fin. Chegada dita data, os bonos descargados e non trocados, na súa totalidade, caducan. A caducidade do bono leva consigo a perda da totalidade do saldo remanente non consumido, sen poder instar a súa devolución.
- 16.6. A través da plataforma tecnolóxica do programa, os comerciantes e hostaleiros terán á súa disposición a información necesaria e poderán consultar o histórico das vendas, os bonos xa trocados, os aboamentos feitos pola entidade colaboradora e os demais detalles de cada operación.
- 16.7. O importe máximo que poderá trocar cada establecemento comercial ou hostaleiro é de 15.000,00 € (IVE incluído). Este límite máximo vai referido á parte subvencionada polo Concello (é dicir o 40% do bono), non ao importe total da venda.
- 16.8. En caso de devolución do ben ou bens comprados, o importe da compra poderá ser trocado por outra compra de prezo igual ou superior ou por un vale sen caducidade polo importe correspondente. Non está permitido devolver en efectivo nin a través de tarxeta de crédito importes pagados cos bonos.

16.9. Non será aplicable o cambio dos bonos para as compras en liña.

17 Data de activación dos bonos

17.1. Os bonos estarán dispoñibles na web <https://www.bonoscorazoncompostela.gal> para a súa descarga polos usuarios durante o prazo dun mes, para esta primeira convocatoria, a contar dende ás 9:30h da data de inicio para a súa descarga (Ver Base 6.6), ata ás 22h da data fin, prazo da súa validez.”

17.2. Mediante acordo da Xunta de Goberno poderase modificar a devandita data se razóns organizativas, sanitarias ou doutra índole así o aconsellan, dándose a oportuna publicidade.

18 Vixencia do programa

A vixencia do programa Bonos Corazón Compostela virá dada pola vixencia do convenio a asinar coa entidade colaboradora designada.

19 Obrigas tributarias e compatibilidade con outras axudas

19.1. As axudas obtidas ao abeiro desta orde serán compatibles con calquera outra subvención, axuda, ingreso ou recurso procedente doutras administracións públicas.

19.2. A contía percibida mediante o/os Bonos Corazón Compostela estará suxeita, no seu caso, ás obrigas tributarias que lle resulten de aplicación.

20 Información básica en materia de protección de datos persoais

20.1. A recollida dos datos persoais está encomendada á entidade colaboradora seleccionada e o Concello de Santiago de Compostela terá a condición de responsable do tratamento. Os datos serán tratados coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste bono.

20.2. Para a entrega do material coa imaxe corporativa do programa bonos Corazón Compostela aos establecementos adheridos, a información relativa ao nome comercial e enderezo postal do establecemento, nome da persoa representante e teléfono móbil poderá ser comunicada a terceiros colaboradores.

20.3. Serán obxecto de publicación os nomes comerciais dos establecementos adheridos ao programa na páxina web <https://www.bonoscorazoncompostela.gal>.

20.4. As persoas interesadas poderán solicitar ante o responsable, acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos, a través da sede electrónica do Concello de Santiago de Compostela ou, presencialmente, nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.santiagodecompostela.gal>. Así mesmo, poderán exercer os devanditos dereitos no/s seguinte/s enderezo/s da entidade financeira colaboradora seleccionada, que será publicado no seu momento.

21 Entrada en vigor e publicidade

- 21.1. Esta convocatoria entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña.
- 21.2. A publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia realizarase a través da Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).
- 21.3 De conformidade co artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello publicará no taboleiro electrónico do Concello de Santiago a relación das persoas beneficiarias.

ANEXO I

Grupos e epígrafes do IAE Actividade Comercio e Servizos:

- 641. Comercio polo miúdo de froitas, verduras, hortalizas e tubérculos.
- 642. Comercio polo miúdo de carnes e miúdos; de produtos derivados cárnicos elaborados: de ovos, aves, coellos de granxa, caza; e de produtos derivados deles.
- 643. Comercio polo miúdo de peixes e doutros produtos da pesca, da acuicultura e caracois.
- 644. Comercio polo miúdo de pan, pastelería, confeitaría e similares, e de leite e produtos lácteos.
- 645. Comercio polo miúdo de viños e bebidas de todas as clases.
- 647.1. Comercio polo miúdo de produtos alimenticios e de bebidas en establecementos con vendedor.
- 647.2. Comercio polo miúdo de produtos alimenticios e de bebidas en réxime de autoservizo ou mixto en establecementos cuxa sala de vendas teña unha superficie inferior a 120 metros cadrados.
- 651.1. Comercio polo miúdo de produtos téxtiles, confeccións para o fogar, alfombras e similares e artigos de tapizaría.

- 651.2. Comercio polo miúdo de toda clase de pezas para o vestido e toucado.
- 651.3. Comercio polo miúdo de lenzaría e corsetería.
- 651.4. Comercio polo miúdo de artigos de mercería e paquetería.
- 651.5. Comercio polo miúdo de pezas especiais.
- 651.6. Comercio polo miúdo de calzado, artigos de pel e imitación ou produtos substitutivos, cintos, carteiras, bolsos, maletas e artigos de viaxe en xeral.
- 651.7. Comercio polo miúdo de confeccións de peletaría.
- 652.2. Comercio polo miúdo de produtos de drogaría, perfumaría e cosmética, limpeza, pinturas, vernices, disolventes, papeis e outros produtos para a decoración e de produtos químicos.
- 652.3. Comercio polo miúdo de produtos de perfumaría e cosmética, e artigos para a hixiene e o aseo persoal.
- 652.4. Comercio polo miúdo de plantas e herbas en herbolarios.
- 653.1. Comercio polo miúdo de mobles (agás os de oficina).
- 653.2. Comercio polo miúdo de material e aparellos eléctricos, electrónicos, electrodomésticos e outros aparellos de uso doméstico accionados por outro tipo de enerxía distinta da eléctrica, así como de mobles de cociña.
- 653.3. Comercio polo miúdo de artigos de enxoval, ferraxaría, adorno, agasallo ou reclamo (incluíndo bixutería e pequenos electrodomésticos).
- 653.6. Comercio polo miúdo de artigos de bricolaxe.
- 653.9. Comercio polo miúdo doutros artigos para o equipamento do fogar.
656. Comercio polo miúdo de bens usados tales como mobles, roupa e enxoval ordinario de uso doméstico.
657. Comercio polo miúdo de instrumentos musicais en xeral, así como dos seus accesorios.
- 659.1. Comercio polo miúdo de selos, moedas, medallas conmemorativas, billetes para coleccionistas, obras de arte e antigüidades, minerais soltos ou en coleccións, fósiles, insectos, cunchas, plantas e animais disecados.
- 659.2. Comercio polo miúdo de mobles de oficina e de máquinas e equipamentos de oficina.

- 659.3. Comercio polo miúdo de aparellos e instrumentos médicos, ortopédicos, ópticos e fotográficos.
- 659.4. Comercio polo miúdo de libros, xornais, artigos de papelería e escritorio, e artigos de debuxo e belas artes.
- 659.5. Comercio polo miúdo de artigos de xoiería, relojaría, prataría e bixutería.
- 659.6. Comercio polo miúdo de xoguetes, artigos de deporte, pezas deportivas de vestido, calzado e toucado, armas, cartucharía e artigos de pirotecnia.
- 659.7. Comercio polo miúdo de sementes, fertilizantes, flores e plantas e pequenos animais.
- 659.8. Comercio polo miúdo denominado *sex-shop*.
- 659.9. Comercio polo miúdo doutros produtos non especificados nesta agrupación, excepto os que deban clasificarse na epígrafe 653.9.
- 662.2. Comercio polo miúdo de toda clase de artigos, incluíndo alimentación e bebidas, en establecementos distintos dos especificados no grupo 661 e no epígrafe 662.1.
- 972.1. Servizos de barbaría de señora e cabaleiro.
- 972.2. Salóns e institutos de beleza e gabinetes de estética.

Grupos e epígrafes do IAE Actividade Hostalería:

- 671 Servizos en restaurantes
- 672 Servizos en cafetarías
- 673 Servizos en cafés e bares, con e sen comida.
- 674.5 Servizos Café-bar que se presten en sociedades, círculos, casinos, clubs e establecementos análogos.
- 676 Servizos en Chcolatarías, xeadarías e horchatarías.
- 677.9 Outros servizos de alimentación propios da restauración